




## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN outubro – decembro 2014

**27 de outubro: entregamos...**



#### **Rihla, de Abdallah Muhammad Abana**

A "Rihla" de Abana narra a peripecia vital dun home que soñaba con coñecer o Al-Ándalus dos seus antepasados. Muhammad Abana é - ademais de aventureiro, fidalgo de perfil cervantino e buscador de coñecemento - un personaxe imprescindible para comprender a heroica supervivencia da mítica biblioteca andalusí de Tombuctú.

**Comentario: 10 de novembro**

**10 de novembro: entregamos...**



#### **Cemiterio de elefantes, de Fran Alonso**

En Cemiterio de elefantes o protagonista é a noite, a noite como sinónimo de maxia, de complicidade, de vida, de esperanza, de encanto, pero tamén de erosión, de soidade, de clandestinidade, de anonimato, de silencio e de frustración. Ubicado no espazo xeográfico de Vigo, este libro percorre con acidez a paisaxe nocturna, a través de certa estética radiofónica.

**Comentario: 15 de decembro**

#### **24 de novembro: Presentación do libro "Remontar o río" por Helena Villar Janeiro**




Un poemario naonato, pois a motivación e os primeiros apuntes xorden abordo mentres a autora subía o Danubio desde Budapest a Linz. O feito de que o barco fose contra a corrente suscitalle a idea de remontar o propio río do tempo, volver deste o seu outono á primavera onde a estarán agardando o vals e a rosa.

Libro complementado coa visión artística de Luz Darriba, a amiga artista á que se sente moi próxima nos afectos, nas ideas e na concepción estética.



**15 de decembro: entregamos...**



#### **En el tiempo de las mariposas, de Julia Álvarez**

O 25 de novembro de 1960 atopáronse, ao pé dun acantilado na costa dominicana, os corpos sen vida de tres raparigas. Segundo a versión oficial, tratábase dun accidente, e ningún xornal publicou a verdade: as tres irmás Mirabal, coñecidas como "Las Mariposas", loitaban contra o violento réxime ditatorial do xeneral Trujillo, e unha cuarta irmá, Dedé, seguía con vida. Tres décadas despois, Dedé narra a apaixonante historia da súa loita.

**Comentario: 12 de xaneiro**